

 **TEATRO REAL**
CERCA DE TI

**ADRIANA
LECOUVREUR**

FRANCESCO CILEA

SÁBADO 28 DE SETEMBRO DE 2024 | 19:30 h
Gran retransmisión da ópera no auditorio do CGAC

CGAC

CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA



TEMPORADA

24/25

Semana de  la Ópera

ADRIANA LECOUVREUR

FRANCESCO CILEA

Commedia-dramma en catro actos

Música de **Francesco Cilea** (1866-1950)

Libreto de Arturo Colautti, baseado na obra de teatro homónima de Eugène Scribe e Ernest Legouvé

Estrea no Teatro Lírico de Milán o 6 de novembro de 1902

Estrea no Teatro Real

Produción da Royal Opera House, o Gran Teatre del Liceu, a Wiener Staatsoper, a Opéra national de Paris e a San Francisco Opera

EQUIPO ARTÍSTICO

Dirección musical	Nicola Luisotti
Dirección de escena	David McVicar
Escenografía	Charles Edwards
Vestuario	Brigitte Reiffenstuel
Iluminación	Adam Silverman
Coreografía	Andrew George
Dirección do coro	José Luis Basso

REPARTO

Adriana Lecouvreur	Maria Agresta
Maurizio	Polenzani
Príncipe de Bouillon	Maurizio Muraro
Princesa de Bouillon	Ksenia Dudnikova
Michonnet	Manel Esteve Madrid
Quinault	David Lagares
Poisson	Vicenç Esteve
Mademoiselle Jouvenot	Sylvia Schwartz
Mademoiselle Dangeville	Monica Bacelli
Abade Chazeuil	Josep Fadó

Coro e orquestra titulares do Teatro Real

Duración aproximada 3 horas e 10 minutos

Actos I e II: 1 hora e 15 minutos. Pausa de 25 minutos

Acto III: 25 minutos. Pausa de 20 minutos

Acto IV: 40 minutos

ADRIANA LECOUVREUR

Adrianne Lecouvreur foi unha personaxe histórica, unha famosa actriz da Comédie Française que debutou en 1717 e chegou a actuar no seu escenario en máis de mil cincocentas representacións ao longo de trece anos. Estaba considerada a mellor intérprete do seu tempo.

Morreu cando contaba 38 anos de idade, supostamente envelenada pola princesa de Bouillon, ex amante do conde de Saxonia, con quen Adriana mantiña unha relación.

Cen anos despois da súa misteriosa morte, o mito seguía no apoxeo da súa gloria e deu orixe a unha obra de teatro, escrita por Eugène Scribe, e á ópera de Cilea que veremos esta noite. *Adriana Lecouvreur* ofrece un argumento tremendista, cheo de amores imposibles, mortes grandilocuentes e situacións complexas, que busca reflectir a vida real, aínda que sexa cunha gran carga trágica e co mundo do teatro e as súas reviravoltas como pano de fondo. Así, a proposta do director de escena, David McVicar, recrea o teatro dentro do teatro e pon de manifesto, con profusión de detalles, o fascinante mundo artístico do século XVIII, así como a vida e os costumes palacianos da época.

A función está dirixida musicalmente por Nicola Luisotti e conta coas extraordinarias voces de Maria Agresta (Adriana Lecouvreur), Matthew Polenzani (Maurizio) e Ksenia Dudnikova (princesa de Bouillon) nos papeis protagonistas.

ARGUMENTO

ACTO I

París, 1730. O empresario teatral Michonnet e a súa compañía prepáranse para unha función na que se enfrontarán as dúas actrices máis famosas do momento: Adriana Lecouvreur e mademoiselle Duclos, amante do príncipe de Bouillon. Michonnet decláralle o seu amor a Adriana, pero esta rexéitao porque está namorada dun oficial do exército, Maurizio, que é en realidade o conde de Saxonia, quen oculta a súa identidade por razóns políticas. Cando chega para ver a función, ela regálalle un ramo de violetas como mostra de amor. O príncipe de Bouillon, entre bastidores, faise cunha carta que Duclos lle envía Maurizio; sente celos, pero ignora que a mensaxe en realidade foi escrita pola súa esposa, a princesa. Para desvelar a infidelidade da súa amante, organiza unha festa na súa vila e deixa que a misiva lle chegue a Maurizio, que si é consciente de quen a escribiu realmente, a súa protectora e cómplice en asuntos políticos, secretamente namorada del.

ACTO II

A princesa agarda por Maurizio en palacio. Ve as violetas nas súas mans e intúe que hai outra muller. Para evitar suspicacias, Maurizio entrégalle o ramo como agasallo.

Agradece a súa axuda ante a raíña de Francia, pero confésalle que non a ama. Chega o príncipe e a princesa corre a esconderse. Aparece Adriana e descobre a verdadeira identidade de Maurizio. El asegura que está aí para unha reunión política clandestina cunha muller que tivo que esconderse e pídelle axuda para conseguir que escape. Nin Adriana nin a princesa se recoñecen, pero nas poucas palabras que intercambian, ambas decátanse de que aman o mesmo home, son rivais. Adriana quere saber quen é a misteriosa dama, pero a princesa escapa e, na fuxida, perde un brazalet que ela recolle.

ACTO III

Na residencia da princesa prepárase a festa. Chegan os invitados, entre eles Michonnet e Adriana. A princesa recoñece a voz da actriz e entende que é a muller que busca. Adriana vea a falar con Maurizio, que acudiu en busca da súa protección, e interpreta a escena como unha insinuación amorosa. As dúas mulleres atópanse cara a cara e recoñécense. A princesa menciona as violetas e Adriana saca o brazalet, que o príncipe recoñece ao instante. A princesa pídelle á actriz que recite uns versos e esta recita o fragmento dunha obra que alude ao adulterio. A princesa interprétao como un ataque e decide vingarse.

ACTO IV

Na casa de Adriana. É o seu aniversario. Está soa e abatida desde que estivo na festa. Chegan Michonnet e membros da compañía para animala. Unha serventa traelle un agasallo: unha caixa co ramallete de violetas que lle entregou a Maurizio. Pensa que é unha despedida do seu amor, cólleas, chéiraas e bícaas. Pouco despois chega Maurizio, que lle declara o seu amor e lle asegura que non foi el o que lles enviou. Está feliz polo reencontro, pero moi pálida, e cada vez vaise sentindo peor. Descubren que a princesa de Bouillon lle enviou as flores envelenadas e Adriana morre nos brazos do seu amante.